

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	1º Bac.	1	35

Réxime

Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Bacharelato, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos estudantes. Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios do Bacharelato, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá, os seus principios e valores sociais; e con ideoloxías e humanismos presentes na nosa sociedade. Responde á necesidade de comprender criticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e profesional, así como á súa preparación para a educación superior. A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia á aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acade un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Non podería existir unha formación integral e unha educación completa e de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións do ser humano, unha das cales é a relixiosa.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/os alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado. No eido relixioso as máis das veces teñen unha fe herdada, rutinaria e monótona nas prácticas relixiosas, que ó mellor lles serviu de nenos, pero que agora ou lles é indiferente ou empezan a cuestionar.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, e sexan críticos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea.

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC	
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-2-3-5	3			1-3-4	11-12-20-31-40-50	1-3-4	2-3	1-31
OBX2 - Recoñecer e desprezar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construción dunha sociedade inclusiva.	1-2-5	3	5	3	11-20-31-32	1-2-3-4	1	31	
OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Igrexa, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta.	1-2-5	3	3	1-3	12-20-32-40	3-4	1	1-31-42	
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construción social do pensamento.	2-4	3	2-3			1-3		1-2-32-41-42	
OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria.	1				11-20-40	1-3	2	1-31-41	
OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social.	1-2-3		4	1	31-40-50	1-4	3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	O ser humano, un ser de relacións: Relación con Deus, relación cos demais e relación co mundo. Configuración da identidade do ser humano: Os Humanismos, a relixión (panorama mundial das relixións), especificidade da relixión cristiã	25	8	X		
2	Fe e Razón	Clarificación da fe e da razón e historia das súa relación (enfrentamentos, encontros, colaboración e complementariedade). Vivencia da fe nun mundo científico técnico	25	6		X	
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	Análise dos Principios da DSI, ver a súa historia e os principais documentos e aplicar logo á realidade social que nos rodea cos seus problemas: Guerra/paz, traballo/paro, migración, pobreza/riqueza, ecoloxía, ...	25	12		X	X
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	Descubrimento e análise da presenza da Relixión na realidade socio-cultural que nos rodea: Igrexas, Cruceiros, Lendas, Cantigas, Romerías.... configuradores do noso ser persoas e ser galegos	25	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiã (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións.	Reflexiona sobre acontecementos, imaxes, novas...e emite xuízos de valor sobre a necesidade de atopar sentido á vida	PE	100
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Adquire capacidade de reflexión crítica ante novas, comportamentos e actitudes respecto á dignidade das persoas, as relacións sociais e o respecto, coidado e defensa da vida e da natureza		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan os humanismos e as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiãna		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiã manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiãna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristiã. - Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional. - A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiã. - A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiã das relixións. - Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional. - Achegas da experiencia relixiosa cristiã para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas. - Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas. - Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria. - O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas. - Humanismo cristiã: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena. - Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais. - Inserirse criticamente na sociedade. - Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións. - Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
2	Fe e Razón	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Aporta argumentos para defender racionalmente a súa fe e crenzas	PE	50
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Identifica diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Analiza casos e debate, de forma razoada, sobre situacións de "conflicto" entre razón e fe	TI	50
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Descubre a colaboración que pode haber entre razón e fe se ambas se respetan		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos. - Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina. - Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade. - Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía. - Inserirse criticamente na sociedade. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións. - Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica problemas sociais e analiza a resposta que a a Doutrina Social da Igrexa deu ós mesmos analizando os seus documentos	PE	40
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais.	Analiza os principais documentos da DSI descubrindo os principios fundamentais da mesma e valora a aplicación deses principios		
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos	TI	60
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e proponendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Comprende o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplicaos a situacións concretas		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Valora as aportacións que dende os diferentes ámbitos (político, relixioso, científico,...) se da á solución dos problemas sociais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolto en clave vocacional. - A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa. - Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Inserirse criticamente na sociedade. - Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional. - Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa (DSI). - Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos. - As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual. - Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). - Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións. - Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Apreciar e valorar as manifestacións relixiosas da contorna. Informándose sobre a súa historia, tradición e desenvolvemento	PE	25
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Recoñecer a influencia do contorno socio/relixiosos na nosa configuración personal	TI	75
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.

Contidos

- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.
- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.
- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes:

1. Fidelidade e respecto ó alumnado, protagonista da educación.
2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

- a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.
- b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.
- c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esquecerémo-la importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potencia-la dimensión social e comunitaria do alumnado.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinariedade e a complementariedade.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fora das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexio, sociedade) lle plantexa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores
Gravacións explicativas dos diferentes temas

Fichas, esquemas, documentos de apoio

O alumnado fará uso de ordenadores personales e das aulas de informática e da biblioteca do centro. Así mesmo usaremos o material que hai na Biblioteca relacionado coa nosa materia (Documentos de DSI, sobre as diferentes relixións, en trono ás manifestacións scoio/relixiosas da contorna, ...). Utilizaremos libros de texto de diferentes editoriais pertencentes o departamento. Aportaremos ó alumnado guións, fichas,..... con indicacións de traballo, para que él mesmo vaia construindo a súa propia aprendizaxe, elaborando o seu personal libro de texto. Todo o material subírase a aula virtual do centro

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Elaboración dun xogo, preguntas e respostas sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ó longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e a partir de ahí vaian correxindo ou confirmando as súas ideas e coñecementos previos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	100	50	40	25	54
Táboa de indicadores	0	50	60	75	46

Criterios de cualificación:

Criterios específicos de avaliación no ensino a distancia

O departamento avaliará e cualificará por trimestre de maneira independente.

A hora de establecer uns criterios de avaliación e cualificación non debemos esquecer o modelo educativo. No bacharelato a distancia o alumnado ten moi pouco contacto co profesorado, dado que todo o material necesario para o estudio teno ó seu alcance na aula virtual. Por outra banda o alumnado é todo maior de idade, está repartido por toda Galicia e unha parte importante ten algunha actividade laboral que lle impide desprazarse ó centro ou asistir a titorías presenciais. Desta maneira o único criterio posible de avaliación so pode ser o exame trimestral.

Criterios de cualificación e promoción

O Departamento usará os seguintes criterios de cualificación (CC):

CC1: Cualificarase por avaliacións. A cualificación de cada avaliación será o resultado da cualificación do único exame escrito que se desenvolverá no trimestre correspondente.

CC2: Cada avaliación terá unha cualificación segundo os resultados dunha única proba escrita que constará de dúas partes: unha parte de pregunta corta e outra tipo test. O alumno poderá sumar ó resultado da proba entre 0,5 e 2 puntos, facendo unha serie de actividades voluntarias propostas pola profesora, o longo de cada avaliación.

CC3: A cualificación final na materia será o resultado da media aritmética das cualificacións dos tres bloques cadrada co enteiro máis próximo

CC3.1: En todas as avaliacións as cualificacións que superen en alo menos cinco décimas calquera número enteiro, cadraranse co enteiro máis próximo por riba.

CC4: Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións do curso sexa 15 ou superior.

Criterios de recuperación:

CC5 (proba de recuperación final): No caso de non cumprir con CC4, o alumnado terá a posibilidade de presentarse a unha proba de recuperación final. Esta proba farase os derradeiros días lectivos do curso. A proba incluírá cuestións semellantes ás usadas durante o curso nas probas recollidas nos procedementos de avaliación, e a súa estrutura poñerase en coñecemento do alumnado con alo menos unha semana de antelación. A proba de recuperación final presentará tres partes estruturais atendendo a se se debe recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións.

CC5.1: Na proba de recuperación final recuperaranse todos os bloques nos que a puntuación ofrecida polos procedementos de avaliación desenvolvidos durante o curso sexa inferior ao 40% da puntuación máxima de cada bloque.

CC5.2: Se na proba final non se consegue o 45% da puntuación total ofrecida polos procedementos de avaliación desenvolvidos durante o curso deberase recuperar todos os bloques na proba extraordinaria de xuño.

CC5.3: A cualificación final do alumnado que faga esta proba final de recuperación obterase usando as cualificacións da proba de recuperación en substitución das cualificacións dos bloques recuperados para facer unha nova media. Atendendo a isto, o alumnado que o desexe pode non facer a recuperación dalgún bloque, sempre que a nota previa non sexa inferior ó 30%, a condición de conservar a cualificación suspensa previa ao facer a nova media. No caso de que a nova media sexa alo menos dun 4,5 o alumnado superará a materia. No caso contrario, non a superará.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non procede este apartado, xa que as materias pendentes da ESO non se teñen en conta no Bacharelato

6. Medidas de atención á diversidade

Teremos en conta a individualidade do alumnado, adaptando estratexias, recursos, espazos e tempos empregados na aula, atendendo ós diferentes ritmos de aprendizaxe

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.12 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Un Nadal Solidario	Campaña de recollida de alimentos para Don Bosco	X		
Visita á Raiña en Vilasantar e a granxa ecolóxica	Coñecer o traballo dunha parroquia e un parroco dedicado aos excluídos da sociedade e o traballo granxa ec		X	

Observacións:

No ensino a distancia é complicado realizar actividades complementarias pois o alumnado é de toda Galicia, de todas maneiras tentaremos estar atentas a oferta de actividades (conferencias, exposicións...) na nosa cidade e propoñer o alumnado a súa participación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento da Programación
Metodoloxía empregada
Avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Enquisa

Descrición:

Cumprimento da programación. Variacións/modificacións introducidas na mesma ó longo do curso.
Resultados da avaliación. Promoción do alumnado.
Avaliación da práctica docente mediante unha enquisa entregada ó alumnado

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguimento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso

9. Outros apartados